

GRATUIDADE DE LIBROS DE TEXTO ESCOLLA PARA O VINDEIRO CURSO

RESPOSTA DA DIRECTORA XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Tal e como se acordara na asemblea do día 15 de xuño, remitiúselles por correo electrónico e por rexistro á Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (María José Pérez Mariño) un escrito onde planteabamos a problemática que para moitos socios e socias está xerando a [Orde que establece o programa de gratuidade de libros de texto](#), en concreto, pola premura coa que se impuxo facer a escolla do libro de texto para 3º da ESO (no caso da nosa área) tendo en conta que dita escolla deberá manterse os próximos catro anos. Tamén se lle explicaba en dito escrito que o material elaborado polas editoriais deixa moito que desexar dada a celeridade coa que realizou (ademais de facerse sobre borradores e non sobre Decretos definitivos). En definitiva, planteabamos o seguinte:

- **Unha prórroga na elección de libros ata o vindeiro curso.**
- **Posibilidade de revisión das escollas realizadas.**
- **A posibilidade de permutar a dotación económica destinada aos libros pola compra de outro tipo de material didáctico.**

A contestación a estas demandas chegounos por correo electrónico dende a propia dirección persoal da Directora Xeral, a cal que reproducimos textualmente:

(...)En resposta ao escrito enviado o pasado día 19 de xuño, facemos as seguintes consideracións:

1º.- Non se pode facer unha prórroga na elección de libros porque a compra dos mesmos vai determinada con indicación de cursos nos presupostos da Comunidade.

2º.- Polo considerado anteriormente, as escollas teñen que durar 4 cursos.

3º.- Na orden de gratuidade especificase en que cursos pode usarse e financiarse outro material.

Atentamente,

María José Pérez Mariño

Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Ao cal podemos facer as seguintes consideracións:

- Segue a ser a intransixencia a moeda de cambio nas reaccións e respostas da Consellería ás demandas razoadas e xustificadas pola experiencia docente dos colectivos de profesorado, en especial o noso.
- A suposta permuta de dotación económica que cita referenciada na Orde de gratuidade é simplemente a posibilidade de (apartado 4 do punto primeiro da citada orde) "*substituír a adquisición dos libros de texto para unha ou varias áreas por materiais curriculares elaborados polo correspondente departamento do centro, tendo en conta os límites establecidos no punto sexto desta orde, logo da autorización do órgano competente do centro para a aprobación dos libros de texto*". Ademais (apartado 5) "*Estes materiais deberán ser reutilizables polo alumnado durante catro anos ao igual que os libros de texto*" polo que, entendemos, SÓ se nos brinda a opción de elaborar documentación propia equivalente ao libro de texto.

Perante esta resposta APETEGA vai a seguir insistindo na nosa disconformidade co anterior, así como noutros temas nos que a Consellería segue sen estar sensibilizada como son a deficiente dotación orzamentaria e material dos Departamentos de Tecnoloxía e a practicamente nula oferta de formación que se fai para a nosa área (véxase o [Plan de Formación para o vindeiro curso recentemente publicado](#)).